

## 21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Teño présa e avanzo en consonancia con esa ansia. A présa esgótame en si mesma. Noto o golpe dos segundos acumulados contra as tempas e apoio os brazos no carro metálico. Camiño e vexo nos estantes un primaveral espectáculo de cores. Entre a fila de persoas que atenden para pagar e marchar, síntome integrada á perfección nese colectivo que son “os demais”. Ás veces é sinxelo se converter nun acto, a ollos do exterior, nunha figura sen nome.

Pásame, tamén, que medra en min un impulso incontrolable por atopar das faces alleas lembranzas inexistentes. Quero encaixar as súas características cos aspectos nos que encadro aos demais e recoñecer en alguén a un coñecido. Ao mellor é a inconsciente forma de me revelar contra o acollemento que outorga o meu corpo ao feito de non existir máis alá ca a través dos ollos da xente, que me ve como unha indisociábel parte dos “demais”. Decátome, deseguido, de que esquecín as claras para facer a bica desta noite. Pendura sobre a cabeza a forza da promesa. Cada mércores, unha persoa ten que levar lambonadas ao traballo. Fareino porque, aínda que só o considero un intento terríbel de que melloren as relacións establecidas entre nós, non desexo rachar con esa perfecta cadea de ordes. Para min é algo así, unha integración na tea imposta, unha coordinación exacta que non se estende no tempo máis alá das oito horas diarias.

Collo as claras, impulsada por un chimpo diminuto, mais preciso. Ao pousar de novo os pés, noto un lixeiro desequilibrio irrelevante, e xiro sobre o chan salpicado de pingas de xeo para atoparme fronte a nai da nena, a filla do avó. Sorrí cun xesto case obrigado tras o meu saúdo automático- reaccionou o meu cerebro cunha incríbel preparación. É posíbel que os momentos de tránsito non sexan os máis

satisfactorios? Ás veces gustaríame debuxar un sorriso e iniciar unha conversa.

Non me recoñeceu, e permítoallo porque son consciente da importancia que teñen os lugares para identificar ás persoas, o medio é unha parte fundamental do ecosistema, e nós non somos, para moitos, máis alá deste. Decátome de que dentro da categoría dos “demais” pertenzo a un conxunto definido polo ascensor que baixa e sube. E que nese mundo perceptivo eu só existo no edificio.

- Bo día, son a veciña, a do sétimo.
- Ai, si, claro- Semella que esqueceu o meu nome, mais non insisto porque quero axudala a navegar entre as perigosas augas da incomodidade formal.- Perdoa, non te recoñecera, porque estou facendo unhas compras e non me fixei en máis nada...- Ri abertamente e mostra a perfecta fila de dentes ordeados.
- Eu tamén... onte xoguei contra teu pai ao xadrez, a verdade é que xoga moi ben, foi moi boa partida.
- Ah, *foche tu*? Si, dixo que xogabas algo mal.
- Ah, bueno, pois si, non mente.- Sorpréndome e pregúntome se o habitual durante a construción de conversas é a honestidade.
- A min gustaríame ter ido, pero con todo o traballo foime imposíbel... E o meu marido anda todo o día co can de arriba para abaixo... a culpa é da nena, que llo meteu na cabeza, pero tanto pedir polos cas... e o outro, que non quería, teno monopolizado, pero bueno... Vin hoxe ao saír da casa o cartel que colgou o Eladio, para avisar dunha reunión da comunidade o venres, vas ir?
- Si, paréceme que é pola tardiña, así que irei.
- Sorpréndeme porque puxo, puntos a tratar... como era? Ai, deus. Espera, como dicía? Era algo como...- Saca o teléfono.- Fíxenlle foto, non si?- Ás veces as conversas internas en voz alta son quen de me desconcertar aínda máis dentro

dunha desconcertante situación como o é o establecer un intercambio de palabras case exitoso.- Puntos a tratar: “Eliminación dos terrarios da entrada ao garaxe por risco de accidente” e “suxestións”. Pois ben, ao carón do que colocou na cara interna da entrada ao portal, como pasamos todos, deixou outro para escribir outros temas, e faime graza, olla isto: “problemática xadrez, deixar libre o espazo do vestíbulo”, “liga de xadrez contra os edificios do barrio”, “ruído”, “seguridade ventás do edificio”, “prohibir animais no edificio”, “aumentar o número de animais permitidos por piso”...

Volvo a casa e noto o abaneo da chaqueta provocado pola brisa da tardiña sobre as costas. Camiño case sen pensar, e abro coa chave. Entro e atopo o papel de suxestións, leo só a última: “non poñer suxestións parvas”. Subo case sen reparar en que un impulso antigravitatorio me eleva, e xa cando paso pola altura do cuarto doume de conta de que deixei as bolsas no coche. Detense no sexto, e abre a porta para deixar paso a unha muller de ollos azuis e cabelo moi curto, que adorna con divertidos rulos de neve a súa face, sóame ter escoitado que é de Santiago. Coñécena porque seu fillo é un arquitecto que marchou aos Estados Unidos, e ela é quen de introducir o tema con mestría en cada interacción social no ascensor. Saúda cun xesto ausente, e digo que baixo. Óllame sorprendida: ela observou, mentres agardaba dende o relanzo, os números ascender dende o cero. E cóntolle, non sei por que, que deixei as bolsas no coche. E fai un lixeiro son, semellante a un chasquido, e dalle ao cero. Cóntolle o do papel de suxestións dende que a escoito chascar, porque iso e a súa ausencia no vestíbulo do garaxe faime crer que non se sente eufórica ou mesmo lixeiramente atraída pola idea do xadrez, só é un sentimento, un prexuízo. Por iso emprego un tema, se cabe, máis accesíbel, un tema sinxelo.

- Eu xa sei quen puxo o da ventá.
- E logo?
- Pois a Sara, que esaxera moito, a muller.
- Que pasou?
- Ti sabes que os do primeiro teñen patio interior, e que algunhas ventás dos nosos pisos dan alí? Pois...- Besbella polo baixo, eu non escoito, e sinto máis forte o volume dos meus propios pensamentos.
- Perdoe?
- Caume a ventá no seu patio. Pero hai que ver ata que punto é a miña responsabilidade...terei que chamar ao meu fillo, sabe que é arquitecto? Estará moi ocupado co edificio que está deseñando pero... home, *digho* eu que terá uns minutiños para falármonos por teléfono, e así *preghúntolle* como vai o das responsabilidades...

Cando chego á casa, despois de recoller o meu tesouro esquecido do coche, asómmome á ventá do estudio, e entre a morea de caixas que gardo coa idea de empregalas algún día, vexo a marca do golpe no chan lastrado da veciña. Vai ser que os astros non están ao seu favor nestes momentos. Penso, mentres saco dos caixóns as culleres e o batedor, en todas as caixas que gardo. E sei que nunca lles darei uso, mais existe nelas certa esperanza, e só podo pensar: “ao mellor...”, non é sinxelo tirar, nin sequera o menos importante.